

Co obxecto de que quede meridianamente claro que a citada alínea non pretende interferir nas competencias estatutarias que asumisen as comunidades autónomas en materia de protección civil, suprímese a referencia a «autoridade competente», de maneira que a Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias só terá a condición de «punto de contacto».

No proceso de tramitación deste real decreto participou a Comisión Nacional de Protección Civil, mediante a emisión do seu informe preceptivo, de conformidade co previsto no artigo 17 da Lei 2/1985, do 21 de xaneiro, de protección civil.

Na súa virtude, por proposta do ministro do Interior, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de setembro de 2008,

DISPÓN O :

Artigo primeiro. *Modificación do Real decreto 393/2007, do 23 de marzo, polo que se aproba a norma básica de autoprotección dos centros, establecementos e dependencias dedicados a actividades que poidan dar orixe a situacións de emerxencia.*

Un. A alínea d) do artigo 6 do real decreto quedará redactada da seguinte forma:

«d) Emitir informe preceptivamente sobre os proxectos de normas de autoprotección de ámbito estatal que afecten a seguranza de persoas e bens.»

Dous. O artigo 8 do Real decreto 393/2007, do 23 de marzo, quedará redactado da seguinte forma:

«As administracións públicas, no ámbito da autoprotección, exercerán funcións de vixilancia, inspección e control, e velarán polo cumprimento das exixencias contidas na norma básica de autoprotección.»

Tres. A disposición derradeira segunda do Real decreto 393/2007, do 23 de marzo, quedará redactada da seguinte forma:

«Disposición derradeira segunda. *Atribucións das entidades locais.*

As entidades locais poderán ditar, dentro do ámbito das súas competencias e en desenvolvemento do disposto con carácter mínimo nesta norma básica de autoprotección, as disposicións necesarias para estableceren os seus propios catálogos de actividades susceptibles de xerar riscos colectivos ou de resultar afectadas por eles, así como as obrigas de autoprotección que se prevegan para cada caso. En particular, poderán estender as obrigas de autoprotección a actividades, centros, establecementos, espazos, instalacións ou dependencias onde se desenvolven actividades non incluídas no anexo I da norma básica de autoprotección, así como desenvolver os procedementos de control e inspección dos plans de autoprotección.»

Artigo segundo. *Modificación da norma básica de autoprotección dos centros, establecementos e dependencias dedicados a actividades que poidan dar orixe a situacións de emerxencia, aprobada polo Real decreto 393/2007, do 23 de marzo.*

O punto 1.3.1.d) da norma básica de autoprotección dos centros, establecementos e dependencias dedicados

a actividades que poidan dar orixe a situacións de emerxencia quedará redactada da seguinte forma:

«d) Constituírse como punto de contacto en todo o relativo á autoprotección en relación coa Unión Europea e outros organismos internacionais.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 5 de setembro de 2008.

JUAN CARLOS R.

O ministro do Interior,
ALFREDO PÉREZ RUBALCABA

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

15921 *ORDE ITC/2761/2008, do 26 de setembro, pola que se amplía o prazo establecido na disposición transitoria segunda da Orde ITC/71/2007, do 22 de xaneiro, pola que se modifica o anexo da Orde do 28 de xullo de 1980 pola que se aproban as normas e instrucións técnicas complementarias para a homologación de paneis solares. («BOE» 239, do 3-10-2008.)*

A Orde ITC/71/2007, do 22 de xaneiro, pola que se modifica o anexo da Orde do 28 de xullo de 1980 pola que se aproban as normas e instrucións técnicas complementarias para a homologación de paneis solares, establece na súa disposición transitoria segunda un prazo de doce meses desde a súa entrada en vigor, que se produciu o día 27 de xaneiro de 2007, durante o cal, para a certificación dos sistemas solares prefabricados, se aceptaban os ensaios do captador de forma independente ao conxunto do sistema. Pola contra, unha vez vencido o prazo, todos os sistemas prefabricados deben, segundo a citada disposición transitoria, someterse, para efectos de certificación, aos ensaios establecidos na norma UNE-EN-12976, que exige que os ensaios do captador se realicen de maneira conxunta co sistema.

Sendo estes os prazos previstos na Orde ITC/71/2007, do 22 de xaneiro, a existencia dun inxente incremento no número de solicitudes de certificación de paneis solares impediu que un gran número de sistemas solares prefabricados fosen certificados mediante ensaios do captador de forma independente ao conxunto do sistema, tal e como permitía a disposición transitoria segunda da Orde ITC/71/2007, do 22 de xaneiro. Ante esta eventualidade, considérase necesario abordar a cuestión de tal maneira que os axentes poidan cumprir coa normativa mediante unha ampliación do prazo establecido na citada disposición transitoria.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único. *Período transitorio.*

A disposición transitoria segunda da Orde ITC/71/2007, do 22 de xaneiro, pola que se modifica o anexo da Orde do 28 de xullo de 1980 pola que se aproban as normas e instrucións técnicas complementarias para a homologación

ción de paneis solares, queda redactada da seguinte forma:

Aceptaranse, para a certificación dos sistemas solares prefabricados, os ensaios do captador de forma independente do sistema e como tal poderanse certificar até o 31 de xullo de 2009.

Transcorrido este prazo, todos os sistemas solares prefabricados deberán someterse, para efectos da súa certificación, aos ensaios establecidos na norma UNE EN-12976.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 26 de setembro de 2008.–O ministro de Industria, Turismo e Comercio, Miguel Sebastián Gascón.

XEFATURA DO ESTADO

16003 *REAL DECRETO LEI 5/2008, do 3 de outubro, polo que se autoriza a Administración xeral do Estado a formalizar un contrato de garantía co Banco Europeo de Investimentos e se amplía o límite para o outorgamento de avais fixado no artigo 54 da Lei 51/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2008.* («BOE» 240, do 4-10-2008.)

Co fin de contribuír ás operacións de financiamento no exterior da Unión Europea, os Estados membros, a través da súa participación no capital do Banco Europeo de Investimentos, van subscribir un novo contrato de garantía (aval) sobre os préstamos que este outorgue, con cargo aos seus recursos propios, con orixe nos acordos de Cotonou II, aos Estados de África, do Caribe e do Pacífico e aos países e territorios de ultramar.

Os Estados membros que forman parte do Banco Europeo de Investimentos contraeron certas obrigas para actuar como garantes, en virtude do disposto no artigo 4 do Acordo interno do 17 de xullo de 2006 (denominado «o Acordo interno de Cotonou II») relativo ao financiamento da axuda da Comunidade Europea prevista no marco financeiro plurianual 2008-2013 a teor do Acordo de Asociación asinado en Cotonou (Benin) o día 23 de xuño de 2000 pola Comunidade Europea e os seus Estados membros cos Estados de África, do Caribe e do Pacífico (Estados ACP) e revisado en Luxemburgo o 25 de xuño de 2005 (denominado «o Acordo de Asociación de Cotonou II»), así como para a asignación da axuda financeira para os países e territorios de ultramar recollida pola parte IV do Tratado da CE en virtude da Decisión do Consello 2001/822/CE, do 27 de novembro de 2001, relativa á asociación dos países e territorios de ultramar (PTU) (denominada «a Decisión de Asociación»).

Os Estados membros que participan no capital do Banco Europeo de Investimentos asumen unha responsabilidade total en virtude desta nova garantía que se limita ao 75% do importe total dos créditos que serán abertos polo banco ao abeiro dos acordos de Cotonou, que teñen, pola súa vez, os seguintes límites máximos:

2.000 millóns de EUR, para os Estados ACP polo que respecta ao Convenio de Asociación de Cotonou II; e

30 millóns de EUR para os PTU, polo o que respecta á Decisión de Asociación.

Por tanto, o importe total máximo dos préstamos que serán autorizados baixo os «Actos de Cotonou II» ascende a 2.030,00 millóns de euros e o importe máximo garantido é de 1.522,50 millóns de euros (equivalente ao 75% de 2.030,00 millóns de euros).

A participación do Reino de España no capital subscrito do banco ascende a un importe de 15.989.719.500,00 euros, correspondente a unha cota do 9,702019 por cento do citado capital subscrito do banco, que ascende a un importe total de 164.808.169.000,00 euros. Por iso, a garantía máxima que asume o Reino de España é de 147.713.239,28 euros, equivalente a un 9,702019 por cento de 1.522.500.000,00 euros.

De acordo co anterior e para tal fin, mediante este real decreto lei autorízase a concesión dun aval pola Administración xeral do Estado para garantir as obrigas económicas que poidan derivar dos créditos que, con cargo aos seus recursos propios, conceda o Banco Europeo de Investimentos –con orixe nos acordos de Cotonou II-aos Estados de África, do Caribe e do Pacífico (ACP) e aos países e territorios de ultramar (PTU) a que se refire o artigo 1 deste real decreto lei. Este contrato de garantía complétase en documento á parte, cun acordo de administración de atrasos.

O artigo 86 da Constitución española, do 27 de decembro de 1978, habilita o Goberno para ditar, salvo nas materias relacionadas nel, disposicións legislativas provisionais en forma de decretos lei, en caso de extraordinaria e urxente necesidade.

O contido desta disposición non afecta as citadas materias.

Os requisitos de extraordinaria e urxente necesidade –requisito imprescindible conforme a xurisprudencia constitucional– que xustifican a aprobación deste real decreto lei derivan da obriga de subscripción, coa maior brevidade posible, dun contrato de garantía co Banco Europeo de Investimentos por un importe de 147.713.239,28 euros e da circunstancia sobrevida do importe dos avais autorizados no exercicio de 2008 que ascenden nesta data a 168.000.000,00 de euros, polo que se fai necesario –conforme o parágrafo primeiro do número 1 do artigo 115 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, a cuxo teor «O importe total dos avais do Estado previstos no punto 2 do artigo precedente desta lei non poderá exceder o límite que en cada exercicio sinale a Lei de orzamentos xerais do Estado» e ao número 1 do artigo 114 da Lei 47/2003, xeral orzamentaria, que establece que «O outorgamento de avais pola Administración xeral do Estado deberá ser autorizado por medio da correspondente lei que deberá conter, polo menos, as determinacións previstas no punto 2 do artigo seguinte»– modificar o límite máximo previsto na Lei 51/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2008, previsto inicialmente en 220.300.000,00 euros.

Na súa virtude e por proposta do vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda, no uso da autorización concedida no artigo 86 da Constitución e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 3 de outubro de 2008,

DISPÕÑO:

Artigo 1. *Autorización á Administración xeral do Estado a formalizar un contrato de garantía co Banco Europeo de Investimentos.*

Autorízase a Administración xeral do Estado para que poida formalizar en 2008 un contrato de garantía co Banco Europeo de Investimentos, en virtude do cal a Administración xeral do Estado poderá avalar as obrigas económicas derivadas dos créditos que, con cargo aos